




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costa de Santo Adrián a Roncudo. Municipio: Malpica de Bergantiños. Parroquias: San Pedro de Barizo ao leste e ao norte, e Santiago de Mens no sur e no sur da punta oeste. Extensión: 3,45 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Trátase dun macizo granítico, con basculamento norte-sur, que dá lugar a un sector acantilado convexo con maior potencia cara ao norte. A cumieira do monte Nariga está composta por unha superficie chaira con afloramentos e pequenas cubetas e corredores que seguen as liñas de debilidade tectónica. En definitiva, un sector de grandes cantís con perfís convexos e paredes e vertentes de forte inclinación, onde o patrón de recorte costeiro está determinado pola rede de fracturas. Inclúe o EIX Depósitos antigos costeiros do monte Nariga.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade completamente composta polo granito herciniano tipo Laxe, de dúas micas, de gran medio a grosso e lixeiramente orientado. Dique pegmoaplítico entre punta do Rubio y Pedras das Caniceiras.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa acantilada incluída dentro do dominio climático cálido e húmido: as temperaturas son suaves con valores medios anuais que non baixan de 14 °C e a amplitude térmica sitúase arredor dos 13 °C. As precipitacións medias oscilan entre 1200 mm e 1400 mm ao ano.

OS SOLOS

Solos pouco evolucionados. Desenvólvense cambisoles dístricos agás no SO, monte Asalo-monte Nariga, onde aparecen leptosoles líticos, e no extremo leste, en Barizo, cun fluvisol háptico derivado do cambio litolóxico e a suavidade topográfica.


AS AUGAS

Unidade dominada polas costas de cantís onde os cursos de auga que drenan o monte Nariga forman estreitos e curtos vales fluviais. Os principais regatos da unidade desembocan cara ao leste, na enseada de Barizo. Trátase dun tramo de costa no que conflúen dúas masas de augas costeiras, a 20099 ao leste e a de punta Nariga (20134) no leste.

O PATRIMONIO NATURAL

Toda a unidade dentro do LIC Costa da Morte e no inventario de Zonas de Importancia para as Aves (IBA), en concreto, a zona da Costa da Morte. Fronte acantilada que desenvolve principalmente o hábitat 1230 de cantís costeiros atlánticos, e que nas plataformas e coidos engade o 1210 Vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Os hábitats de matogueira das vertentes revisten grande importancia pola súa extensión: o 4030 Breixeiras secas europeas e 4040 Breixeiras secas atlánticas costeiras con Erica vagans. Nalgunhas valgadas hai áreas hidromorfas con breixeiras húmidas do hábitat 4020 Breixeiras húmidas atlánticas de Erica ciliaris e Erixa tetralix, xunta pasteiros hidromorfos. Poden atoparse tamén áreas turfófilas, hábitats do grupo 71 Turbeiras ácidas de esfagnos. Así mesmo teñen bastante extensión os hábitats rochosos do grupo 82 Pendentes rochosas con vexetación casmofítica, por mor dos numerosos afloramentos existentes no macizo. Malia seren pouco extensas, existen algunhas mouteiras ripícolas (91E0).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O uso predominante correspóndelles ás matogueiras típicas das formacións vexetais costeiras, que ocupan a maior parte do monte Nariga, medrando entre os numerosos afloramentos rochosos e os cantís do norte. Salientan pequenos aliñamentos de vexetación hidromorfa e ripícola asociada a cursos estacionais de auga. Na ladeira de sotavento desta elevación obsérvase unha maior influencia antrópica nos usos como consecuencia da proximidade ao val habitado. Aquí aparecen áreas ocupadas por bosques de repoboación, fundamentalmente piñeiros, que lindan con bosquetes mixtos e zonas de matogueiras de substitución. Entre eles, nas terras máis chairas, mantéñense pequenos prados e campos de cultivo illados que son máis abondosos cara ao val, no extremo sueste da unidade. Outros usos coma o enerxético industrial que caracteriza o parque eólico de monte Nariga combinanse coas coberturas vexetais dominantes. Por último, a enseada de Barizo, entre o monte Nariga e o da Ínsua, ofrece o refuxio suficiente para albergar o porto do mesmo nome.

MORFOLOXÍA

Hogano non existen asentamentos de poboación na unidade. As únicas edificacións salientables responden a utilidades prácticas concretas, coma o faro de punta Nariga no extremo noroccidental, as instalacións do porto de Barizo e a subestación do parque eólico. As vías de comunicación principais diríxense a estes puntos. A complexa rede parcelaria anterior desapareceu por mor do abandono dos sistemas de aproveitamento tradicionais da terra, e foi substituída por unha gran masa homoxénea de matogueira.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

No sistema viario da unidade unicamente aparecen dúas vías aptas para o tráfico rodado. As dúas parten do núcleo de Barizo, fóra da unidade, e diríxense (polas marxes da elevación montañosa) unha cara ao porto deste núcleo e outra cara ao faro de punta Nariga. Dende elas parten outros camiños menores, de entre os que cómpre salientar as amplas pistas abertas para daren servizo ao parque eólico situado no cumio do monte Nariga. Por outra banda, o porto de Barizo dálle servizo maiormente á pesca de baixura.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Existen na unidade polo menos dous antigos asentamentos catalogados como elementos pertencentes ao patrimonio cultural arqueolóxico. No recanto leste, o castro de Barizo, situado nun pequeno monte coñecido como O Castriño e no norte, o asentamento das Barreiras, tamén situado nun pequeno alto. Finalmente, canto ao patrimonio arquitectónico, en punta Nariga resulta salientable o faro de recente construción.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade amosa as características paisaxísticas propias da Costa da Morte. Trátase dun cabo asociado a un promontorio granítico de perfil alombado cuxo contacto co mar prodúcese a través de altos cantís rochosos. O progresivo abandono das actividades tradicionais de explotación da terra favoreceu a proliferación de masas arbustivas costeiras que inician o proceso da sucesión ecolóxica entre os numerosos afloramentos graníticos da zona. Pola súa banda, a instauración do parque eólico no monte Nariga engade un novo elemento paisaxístico perceptible dende todo o territorio ao tempo que as súas vías de acceso e servizo ofrecen novas perspectivas de observación.

DINÁMICA DA PAISAXE

Dende mediados do século XX a paisaxe desta zona experimentou os cambios debidos ao abandono das actividades agrogandeiras tradicionais. Deste xeito, a cobertura da matogueira costeira substituíu os pequenos prados e parcelas de cultivo que antano abundaban no norte. Do mesmo xeito, o eixe viario presenta poucas variacións; salienta o acondicionamento dos accesos ao faro e ao parque eólico, así como a desaparición da rede de camiños que unían os núcleos de poboación próximos cos mencionados prados e terras de cultivo.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A paisaxe da unidade correspóndese coa que domina en boa parte da Costa da Morte, e que se caracteriza pola baixa ocupación do territorio, a dominancia dos cantís agrestes que alternan con pequenas enseadas areentas, os relevos alombados acaroados á costa e as zonas verdes, cubertas por especies arbustivas típicas da matogueira de substitución atlántica e salpicadas por numerosos afloramentos rochosos, xeralmente graníticos. En definitiva, coma no caso doutras moitas unidades paisaxísticas da Costa da Morte, trátase dunha paisaxe aberta ao Atlántico, marcada pola súa naturalidade. As panorámicas que se contemplan dende os puntos de observación desta unidade permiten observar o seu conxunto, tanto as paisaxes interiores e costeiras (miradoiro do parque eólico de monte Nariga), coma as do mar e os cantís rochosos (miradoiro do faro de punta Nariga), que son trazos característicos deste sector.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS






A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



